

HOXE

Vivir Hoxe Galicia
Vivir Hoxe Aulas
Vivir Hoxe Sociedade
Política Galicia
Política España
Política Mundo
Economía
Deportes
Maré
Comunicación
A Contra
Opinión

Comunicación



A FESTA DO ANO

Protagonismo para a sociedade civil na multitudinaria festa anual do Grupo Correo Gallego

A ministra de Pesca, Elena Espinosa, preside a emotiva cerimonia lembrando o "empuxe, creatividade, imaxinación, sacrificio e traballo" dos galardoados

REDACCIÓN . SANTIAGO

Barreiro: "A Real Academia Galega seguirá sempre fiel no empeño a esta patria"
Grande emotividade dunha gala dedicada aos heroes

Galerías

Una fiesta para un país
Premiados "Gallego del mes"



Premiados e autoridades, na foto de familia no compostelán Auditorio de Galicia
FOTO: GH

"Todos os premiados hoxe, os das edición anteriores e os das vindeiras, son un exemplo para o conxunto dos galegos, e, particularmente, para os servidores públicos". Son as palabras de Elena Espinosa, a ministra de Pesca, durante a cerimonia de entrega dos Premios Galegos do Ano e Galegos do Mes por parte do **Grupo Correo Gallego**.

O acto converteuse nunha auténtica homenaxe á sociedade civil da nosa terra e iso reflectiuno perfectamente a ministra cando puxo ós galardoados de exemplo para aqueles que ocupan postos de responsabilidade como servidores públicos.

"O seu empuxe, a súa creatividade, imaxinación, sacrificio e traballo", afirmou Elena Espinosa referíndose ós premiados "son unha clara mostra desa Galicia emprendedora, que asume os riscos, se enfrenta ás dificultades e sabe estar á altura das novas circunstancias e demostrar en todo o mundo que podemos e queremos ser líderes en todos os ámbitos". A ministra destacou o papel da Real Academia de Galicia como "unha das institucións que máis e mellor se incardinan na nosa propia realidade cultural e social" e do resto dos premiados, á vez que recordaba que estes premios se basean nun compromiso con Galicia "porque veñen a recoñecer o labor calado de moitos galegos e galegas que representan a unha sociedade que aposta polo futuro, respondendo ós retos dun tempo novo" e recordou que esta iniciativa é patrimonio dun pobo que sabe que "o capital máis valioso son os homes e mulleres".

"Pezas fundamentais para construír Galicia"

Referiuse Elena Espinosa ó **Grupo Correo Gallego** e ó seu editor, Feliciano Barrera, destacando "o traballo que desenvolve cada día ó servizo de Galicia" e recoñeceu que lle dá un valor moi importante a estes premios porque "todos son pezas fundamentais para seguir construíndo unha Galicia mellor, e recoñecelo publicamente fainos mellores a todos", asegurou a ministra.

Felicitou o grupo empresarial e os Galegos do Ano e do Mes porque coas súas actividades "fan que miremos cara ó mañá con ilusión e optimismo".

Elena Espinosa converteuse onte na primeira muller que presidía a cerimonia de entrega destas

Océano Internet

Descubrir

r.d.l.

Hoxe Venres

Bolboreta

Lecer

MADE
INGALICIA

LAXEIRO

distincións, que reuniu no Auditorio de Galicia a máis dun milleiro de persoas que representaban a todos os sectores sociais da nosa comunidade.

Feliciano Barrera alenta os premiados

O presidente do consello de administración do **Grupo Correo Gallego**, Antonio Castro, interveu en nome da empresa organizadora para desculpar a ausencia do editor, Feliciano Barrera, a quen ineludibles compromisos empresariais o retiveron na capital de España "ben ó seu pesar, porque todos vostedes coñecen que estes premios son obra persoal e predilecta do seu continuado compromiso con Galicia. El creounos, alentounos ó longo destes dezaseis anos e acadou para eles o aplauso e beneplácito de toda a sociedade galega".

O presidente do grupo de comunicación insistiu en que os galardóns representan unha obra directa e querida do editor, en tanto que simbolizan boa parte dos valores que Feliciano Barrera defende. "En primeiro lugar, a súa continuada vocación de mecenado en cantas obras, institucións ou proxectos oríentanse ó progreso de Galicia e á formación das súas xentes, ata o punto de converterse nun claro exemplo dos bos e xenerosos que os máis preclaros homes da nosa cultura reclamaban para a condición de fillos desta terra".

Tamén, engadiu Castro García, porque actos como o da entrega de premios, co recoñecemento de toda a sociedade a un pequeno e selecto grupo de persoas, "dos mellores de entre nosoutros", supón a máis clara evidencia do que o editor chama o triunfo de Galicia, capaz de alcanzar as máis altas cotas de progreso, estima e xenerosidade, cando pon o seu empeño no traballo, e faino desde a concordia e a solidariedade.

Referiuse tamén o presidente do **Grupo Correo Gallego** ós premiados dos que, dixo, "representan os máis nobres e enriquecedores valores ós que podemos aspirar como sociedade". Por iso pediu para todos eles o aplauso, do mesmo xeito que para Feliciano Barrera, pola lección de autoestima que supoñen os premios, o mellor espello no que mirarnos.

HOXE

Vivir Hoxe Galicia
Vivir Hoxe Aulas
Vivir Hoxe Sociedade
Política Galicia
Política España
Política Mundo
Economía
Deportes
Maré
Comunicación
A Contra
Opinión

Comunicación



Grande emotividade dunha gala dedicada aos heroes

Polo acto pasearon Murguía e Risco e os valentes de hoxe e até se asistiu por video á ledicia dunha premiada que tiña previsto onte dar a luz

REDACCIÓN . SANTIAGO

Barreiro: "A Real Academia Galega seguirá sempre fiel no empeño a esta patria"
Protagonismo para a sociedade civil na multitudinaria festa anual do Grupo Correo Gallego



O compostelán Auditorio de Galicia encheuse onte de persoeiros na celebración dos premios
FOTO: GH

Foi un espectáculo audiovisual cargado de emotividade e dedicado aos heroes da terra: os da lingua, os do mar, os do monte. Todos eles mereceron a ovación dos asistentes.

Os rostros máis destacados e coñecidos deste curioso país –afeito a reinventarse a si mesmo cada día e a 'capear o temporal'– foron chegando ao Auditorio de Galicia desde as 7.30 horas da tarde despregando a súa mellor conversa para unha ocasión que xa se convertiu en clásico e referente da Galiza.

A ausencia de Don Feliciano Barrera, editor do Grupo Correo Gallego –empresa de comunicación responsábel da edición do GALICIA HOXE, entre outros medios–, propiciou a cariñosa lembranza dos oradores. O primeiro, Antonio Castro, presidente do Consello de administración, que abriu o acto co recoñecemento da súa implicación e valentía na creación dun proxecto dignificador da comunidade, pero tamén o de Elena espinosa, ministra de Pesca, que fechou os discursos agradecendo o seu traballo a prol do país.

Nesta décimo sétima edición non faltaron os momentos para o sorriso e a curiosidade. A investigadora Susana Martínez quixo agradecer o premio cun video desde Arizona, o lugar onde reside, apenas por non poder asistir debido a que tiña previsto dar a luz o mesmo día da gala. A súa irmá, que recolleu o galardón, explicou que Susana acababa de ter un rapaz.

Tamén subiu ao estrado o equipo de fútbol sala do Lobelle ao completo, arrincándolle os aplausos a canto siareiro compostelán de corazón había. Entre outros, seguro que estaban o alcalde de Santiago, Sánchez Bugallo, o profesor Peña ou o ex portavoz do grupo municipal do PP en Raxoi, Dositeo Rodríguez e a súa esposa, Carmela del Corral.

Tamén compartiron Auditorio Isaac Díaz Pardo –que no seu día foi tamén Galego do Ano–, o profesor Víctor Freixanes, o director do instituto Rosalía Ubaldo Rueda e a súa dona Paz Filloy, o economista Luis Caramés, O presidente de Caixa Galicia, José Luis Méndez ou a ex directora xeral de cultura, María del Carmen García Campelo.

Mariñeiros e brigadistas aplaudidos

Sen dúbida, un dos momentos máis emocionantes da gala foi o do premio aos tripulantes do 'Francisco y Catalina'. O pesqueiro, no que navegaban cinco galegos da Costa da Morte, rescatou 51 inmigrantes indocumentados que navegaban á deriva en augas de Malta. A continuación, os brigadistas

Océano Internet

Descubrir

r.d.l.

Hoxe Venres

Bolboretta

Lecer

MADE
INGALICIA

LAXEIRO

contra o lume recibiron o galardón de galego do mes dedicado a mans do conselleiro de Medio Rural, Suárez canal, pola súa loita incansábel.